



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, (DOG do 29 de setembro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 PAIS/NAIS**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes do deste sector continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018 e o 5º correspóndelle ao representante designado pola ANPA Porta Santa.
2. Son electores todos os pais/nais ou se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á xunta Electoral ata o día 12 de novembro de 2021 (inclusive).
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As candidaturas poderán presentarse ata o 11 de novembro de 2021 (inclusive).
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público entre os pais /nais que non se presenten como candidatos, o día 15 de novembro ás 09:20 horas. Dita mesa electoral estará composta pola directora do centro, que actuará como presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o día 4 ata o 11 de novembro ambos os dous inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da xunta electoral (directora do centro), sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do colexio e cumpra as normas sanitarias recollidas no protocolo covid do centro. O día 14 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores de votación os pais/nais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores.
7. As votacións realizaranse neste centro o día 22 de novembro de 2021. A mesa electoral constituirase o mesmo día, dez minutos antes do inicio das votacións.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade a hora de votar mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal dos alumnos/as.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á xunta electoral.
11. Na páxina web do centro no apartado **NOVAS** está toda a información do proceso
12. A xunta electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Paiosaco, 2 de novembro de 2021

A DIRECTORA DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,
Asdo.: M^a Agripina Alfeirán Rodríguez